



Grupo Municipal
RIBEIRA

M^a DOMINGA BRION SANMIGUEL, Concelleira-portavoz do grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción para a súa discusión no vindeiro pleno, en relación coa dotación dunha **circunvalación** a Ribeira dende a autovía até o peirao.

EXPLICACIÓN DE MOTIVOS:

Ribeira precisa dotarse de todas as infraestruturas necesarias para o seu desenvolvemento económico e social; deste xeito crearase emprego e riqueza, e mellorarase a calidade de vida de todos os veciños e veciñas, algo moi importante en momentos de crise coma os que estamos padecendo.

É prioritario para o noso Concello tanto diversificar a súa economía, como apoiar a un sector estratéxico para nós como é o complexo mariño-industrial; polo tanto, a creación de infraestruturas que propicien a potenciación do noso porto pesqueiro e comercial debe ser unha das prioridades que a administración local debe xestionar: a dotación dun plan de usos do porto, dunha nova e moderna lonxa, de diversos servizos para a frota de baixura e demais usuarios/as das instalacións portuarias, sen esquecer un servizo de vixilancia no porto son, entre outras, necesidades que se deben demandar con urxencia.

Neste senso, consideramos que xestionar a construción dunha circunvalación para Ribeira dende a autovía ata o porto é unha obriga que non debe demorar por máis tempo o goberno deste Concello. Ademais de potenciar o noso peirao, con esta infraestrutura faríase máis fluído o tráfico no casco urbano de Ribeira, que en horas punta e os sábados pola mañá resulta tremendamente dificultoso, converténdose na tempada estival en misión francamente imposible.

Por estas razóns o Grupo Municipal do BNG somete a consideración do Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Que o Goberno Municipal inicie as actuacións oportunas para dotar a Ribeira dunha circunvalación dende a autovía até o peirao.

Ribeira, 16 de abril de 2010

Asdo.: M^a Dominga Brion Sanmiguel

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA